

Por un tratado vinculante que obrigue as empresas transnacionais ao respecto dos Dereitos Humanos

Alicia Rodríguez

O 26 de xuño de 2014 o Consello de Dereitos Humanos de Nacións Unidas adoptou a resolución 26/9, para a elaboración dun instrumento internacional xuridicamente vinculante sobre as Empresas Transnacionais e outras empresas en relación ao respecto aos Dereitos Humanos. Trátase dunha vitoria histórica despois de décadas de discusión e intentos fracasados a Nacións Unidas. Entrepobos forma parte da Campaña global por reivindicar a soberanía dos pobos, desmantelar o poder das empresas transnacionais e fin da impunidad, unha coalición de 200 movementos sociais, redes, organizacións e campañas e temos estado presentes, do 23 ao 27 de outubro de 2017, na sede de NNUU en Xenebra durante o terceiro período de sesións do grupo de Traballo intergubernamental.


A que fomos a Xenebra?

A partir da aprobación da mencionada resolución 26/9, créase un Grupo de traballo intergubernamental de composición aberta sobre as empresas transnacionais e outras empresas comerciais en materia de Dereitos humanos, que asume este mandato da elaboración do mecanismo xuridicamente vinculante. Este Grupo de Traballo reuniuse tres veces, en 2015, 2016 e 2017 en Nacións Unidas, onde participa tamén unha ampla representación da sociedade civil.

A Campaña Global participou activamente nas sesións do Grupo de Traballo e facilitou a participación de representantes de diferentes movementos sociais e organizacións durante as Semanas de Mobilización en paralelo ás sesións do Grupo de Traballo.

A Campaña tamén participou activamente na construción dun proxecto de Tratado Vinculante. O proceso iniciouse coa redacción do «Tratado dos pobos» (2014), a presentación de «8 puntos» ante a primeira sesión do Grupo de Traballo (2015) e de 6 presentacións sobre temas específicos na segunda sesión (2016). Para a terceira sesión, a Campaña elaborou un borrador completo de Tratado, nun proceso intenso que tivo lugar dende os inicios de 2017 que se presentou en Xenebra.

A Campaña Global organiza tamén sesións paralelas no marco de Nacións Unidas, nas que poden participar tamén as representacións das delegacións dos gobernos que están participando das sesións do Grupo de Traballo.



Entrepobos forma parte da Campaña global por reivindicar a soberanía dos pobos, desmantelar o poder das empresas transnacionais e fin da impunidad





Tanto os Estados Unidos como a UE intentaron dende os inicios, por todos os medios, bloquear a elaboración deste Tratado Vinculante

Por outra parte, os movementos sociais que forman parte da Campaña Global organizaron talleres no espazo público da *Place des Nations*, onde se abordaron as diferentes problemáticas que nos preocupan dende os movementos sociais en relación coa vulneración dos DDHH por parte das Empresas Transnacionais e a necesidade da creación dun instrumento xuridicamente vinculante. Este ano realizáronse talleres sobre a Cadea Global de Suministros e os Dereitos Laborais, Transnacionais e saúde, Muros e seguridade, Mulleres en loita; Xustiza climática, ambiental, industrias extractivas e auga; Crimes corporativos, Dereitos humanos, empresas transnacionais, xustiza e reparación; Transnacionais, débeda e IFIS, Soberanía alimentaria e Dereitos dos campesiños e campesiñas; Réxime de comercio e investimentos, TISA e OMC.

Que pasou en Xenebra? Que resultados se conseguiron?

O proxecto de informe e o de conclusións adoptáronse por consenso e presentaranse ante o Consello de Dereitos Humanos para a súa aprobación definitiva en marzo de 2018. Acordouse ademais que o documento relativo aos elementos para un tratado, proposto por Ecuador neste terceiro período de sesións, queda aberto, á espera de que se envíen os comentarios, ata finais de febreiro e que, xunto cos resultados dos períodos de sesións de 2015 e 2016, constituirán a base para elaborar o proxecto de Tratado co que empezará a traballar na IV Sesión.

Chegar ata aquí foi complicado e houbo varios momentos nesta III Sesión do Grupo de Traballo que pensabamos que o proceso non continuaría adiante. Tanto os Estados Unidos como a UE intentaron dende os inicios, por todos os medios, bloquear a elaboración deste tratado vinculante. A UE, a

través do seu portavoz da misión europea ante a ONU, Jerome Bellion-Jourdan, mantivo unha postura durante toda a semana de obstaculizar o proceso, e o último día de traballo do Grupo de Traballo, o venres 27, a UE convocou as organizacións sociais e de Dereitos Humanos a unha reunión, na que chegou a dicir que nada do que se falara esa semana a convencera para saír adiante co proceso e avanzar na creación de normas vinculantes dirixidas ás ETN.

No caso de Estados Unidos, que non participou nos tres anos de traballo dende que votou en contra da Resolución 26/9 en 2014, nesta ocasión o seu representante participou para dicir que este Tratado non será vinculante para os que voten en contra del e para suxerir que o Grupo de Traballo necesitaría de un novo mandato do Consello de Dereitos Humanos para seguir adiante coa súa misión.

Que retos temos agora?

A Campaña Global, como xa demostrou nos tres períodos de sesións que se fixeron ata agora, quere contribuír ao proceso de construción dun Tratado Vinculante, con propostas feitas coa participación dun bo número de movementos sociais e organizacións da sociedade civil de todo o mundo, tendo en conta as experiencias das comunidades afectadas. Neste sentido, e como xa temos explicado antes, a Campaña elaborou un borrador completo de Tratado e seguirá de perto o proceso que se está seguindo dende Nacións Unidas e participará na IV Sesión do Grupo de Traballo.

Temos que conseguir que a Campaña se coñeza cada vez máis para xuntar aínda máis forzas e enlazar as loitas campesiñas, sindicais, das mulleres, en definitiva, de todos os movementos que están loitando por un mundo máis xusto. ■